



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Decembro 2021**

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Decembro 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un incremento do 30,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios aumenta o 18,5%. No conxunto do ano, a taxa de variación do índice xeral en Galicia é do 17,8%, dous puntos maior que a media de España, 15,8%.
- O Comercio incrementa a facturación o 27,6% e os Outros servizos o 36,9%. No conxunto do ano, a cifra de negocios aumenta un 15,2% no Comercio e un 25,2% nos Outros servizos.
- Todas as comunidades autónomas rexistran taxas positivas, tanto en decembro como na media do ano 2021.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta un 2,9% en Galicia e un 4,0% en España respecto ao mesmo mes do ano anterior. No ano 2021, o persoal aumenta un 1,2% en Galicia e un 1,1% en España.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de decembro. No conxunto do ano Canarias é a única comunidade con taxa negativa.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un incremento do 30,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 11,6 puntos superior á do conxunto do Estado, 18,5%.



O *Comercio*, cun crecemento do 27,6%, achega 19,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 36,9% e achegan 10,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 16,2% e nos *Outros servizos* o 23,3%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 39,7%, co que achega 18,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; o *Comercio ao retalho* o 5,8% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* un 2,4%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 24,3%, o *Comercio ao retalho* o 6,2% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 1,7%.

Nos *Outros servizos* os sectores que amosan mellor comportamento son: *Transporte*, cun crecemento do 53,2%, co que achega 7,6 puntos e a *Hostalería*, que aumenta a facturación un 88,7% e achega 1,8 puntos á taxa de variación interanual.

En España, os sectores con maior crecemento son: *Transporte* (27,5%), *Hostalería* (76,6%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (26,9%).

Na media do ano, a facturación no sector servizos crece un 17,8% en Galicia. O *Comercio* crece un 15,2% e os *Outros servizos* un 25,2%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O

*Comercio por xunto*, cunha taxa do 17,9% é o sector cunha maior repercusión, 8,4 puntos, seguido do *Transporte*, que achega 5,2 puntos, cunha taxa do 36,7%.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 15,8%; tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* rexistran esta mesma taxa, 15,8%.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 30,1% no mes de decembro.

O sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería* (10,6 puntos), cunha taxa do 97,2%.


No conxunto do ano, o índice rexistra unha taxa do 21,8%. A *Hostalería* amosa a taxa máis alta, 41,1%.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 30,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 30,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de decembro en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Canarias (30,6%) e Galicia (30,1%). Os menores incrementos rexístranse en Castilla y León (10,4%) e Extremadura (10,9%).

No ano 2021, as taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (21,8%), Galicia (17,8%) e Madrid (17,5%). Os menores incrementos corresponden a Murcia (7,5%) e Extremadura (11,5%).

## Índices de cifra de negocios. Decembro 2021


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta un 2,9% respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia e un 4,0% en España.



O persoal ocupado aumenta un 2,2% no *Comercio* e un 3,4% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento de emprego dáse na *Hostalería* (9,2%).

En España, o persoal ocupado crece un 1,7% no *Comercio* e un 5,5% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas, rexistrándose tamén o maior incremento de emprego na *Hostalería* (11,5%).

No conxunto do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 1,2% e en España o 1,1%. En Galicia o *Comercio* aumenta o persoal ocupado un 0,7%, tres décimas máis que en España, 0,4%; nos *Outros servizos* o emprego crece un 1,7% en Galicia, unha décima máis que a nivel nacional, 1,6%.

O maior incremento do emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, 6,5% en Galicia e 4,4% en España. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, -2,1% en Galicia e -0,7% en España.


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de decembro con respecto ao mesmo mes do ano 2020. O maior incremento rexístrase en Illes Balears (7,3%). Os menores crecements danse en La Rioja (2,1%) e Castilla y León (2,2%).

No conxunto do ano 2021, en todas as comunidades aumenta o emprego agás en Canarias (-2,1%). Os maiores incrementos rexístranse en Castilla – La Mancha (2,3%) e Murcia (2,1%).

## Índices de personal ocupado. Decembro 2021

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>162,3</b>	<b>30,1</b>	<b>17,8</b>
<b>Comercio</b>	<b>156,5</b>	<b>27,6</b>	<b>15,2</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	121,6	2,4	17,1
Comercio por xunto	167,3	39,7	17,9
Comercio ao retallo	137,9	5,8	7,1
<b>Outros servizos</b>	<b>178,7</b>	<b>36,9</b>	<b>25,2</b>
Transporte	244,7	53,2	36,7
Hostalería	95,1	88,7	29,6
Información e comunicacións	152,1	17,5	4,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	175,0	6,0	20,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,1	8,5	1,6
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>141,4</b>	<b>18,5</b>	<b>15,8</b>
<b>Comercio</b>	<b>144,8</b>	<b>16,2</b>	<b>15,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	131,2	1,7	13,9
Comercio por xunto	150,9	24,3	19,7
Comercio ao retallo	136,9	6,2	8,5
<b>Outros servizos</b>	<b>135,2</b>	<b>23,3</b>	<b>15,8</b>
Transporte	134,5	27,5	18,9
Hostalería	92,1	76,6	41,6
Información e comunicacións	136,6	9,8	5,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	184,4	14,1	11,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,6	26,9	15,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021
<b>Galicia</b>			
Xeral	149,6	30,1	21,8
Comercio	152,1	21,0	14,8
Transporte	192,0	34,6	26,2
Hostalería	101,4	97,2	41,1
Información e comunicacións	148,5	15,3	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	168,1	5,9	20,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	167,6	24,7	27,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
 Decembro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021
<b>ESPAÑA</b>	<b>141,4</b>	<b>18,5</b>	<b>15,8</b>
Andalucía	139,5	17,9	14,5
Aragón	140,5	14,7	14,8
Asturias	139,5	19,2	14,7
Baleares, Illes	95,4	28,4	21,8
Canarias	127,1	30,6	15,8
Cantabria	150,2	16,2	14,2
Castilla y León	133,7	10,4	15,1
Castilla-La Mancha	147,6	14,5	14,2
Cataluña	132,5	16,0	15,2
Comunitat Valenciana	144,3	14,9	16,1
Extremadura	146,2	10,9	11,5
<b>GALICIA</b>	<b>162,3</b>	<b>30,1</b>	<b>17,8</b>
Madrid	150,2	20,7	17,5
Murcia	144,1	12,3	7,5
Navarra	142,4	15,9	14,1
País Vasco	140,8	15,4	15,4
Rioja, La	149,0	17,8	15,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>107,8</b>	<b>2,9</b>	<b>1,2</b>
<b>Comercio</b>	<b>110,2</b>	<b>2,2</b>	<b>0,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	97,7	1,6	0,0
Comercio por xunto	122,3	0,8	1,0
Comercio ao retallo	105,8	3,4	0,6
<b>Outros servizos</b>	<b>106,0</b>	<b>3,4</b>	<b>1,7</b>
Transporte	103,6	0,0	-0,1
Hostalería	92,5	9,2	-2,1
Información e comunicacións	114,5	3,0	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,9	1,5	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,6	2,5	6,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>107,7</b>	<b>4,0</b>	<b>1,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>107,4</b>	<b>1,7</b>	<b>0,4</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	104,2	0,9	-0,5
Comercio por xunto	111,6	0,9	0,4
Comercio ao retallo	105,3	2,4	0,6
<b>Outros servizos</b>	<b>107,9</b>	<b>5,5</b>	<b>1,6</b>
Transporte	108,8	2,5	0,5
Hostalería	95,0	11,5	-0,7
Información e comunicacións	114,8	4,0	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,5	2,6	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,5	5,2	4,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
**Decembro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021
<b>ESPAÑA</b>	<b>107,7</b>	<b>4,0</b>	<b>1,1</b>
Andalucía	105,2	4,0	1,3
Aragón	108,7	2,6	1,0
Asturias	104,8	3,4	1,5
Balears, Illes	90,1	7,3	1,4
Canarias	103,5	5,4	-2,1
Cantabria	106,8	4,4	1,0
Castilla y León	102,9	2,2	0,1
Castilla-La Mancha	109,0	3,8	2,3
Cataluña	109,9	5,1	1,6
Comunitat Valenciana	111,4	2,6	1,2
Extremadura	106,4	4,1	0,9
<b>GALICIA</b>	<b>107,8</b>	<b>2,9</b>	<b>1,2</b>
Madrid	109,5	4,0	1,1
Murcia	113,3	4,5	2,1
Navarra	108,8	4,5	1,6
País Vasco	106,4	3,0	1,1
Rioja, La	108,1	2,1	0,9

Fonte: INE